



Concello de Ramirás

Expediente núm.: 158/2023

Resolución da Alcaldía

Asunto: Concesión de subvención nominativa á Asociación Rebulir

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Vista a solicitude de D. ^a Sandra González Sousa, en calidade de presidenta da “Asociación cultural Rebulir Escola de Baile e Música Tradicional”, CIF G32378960 para a colaboración económica do Concello de Ramirás co obxecto de financiar os gastos de organización de actividades durante todo o ano 2023, por importe de 3.000 €.

Adxuntan á solicitude unha memoria descritiva, orzamento de ingresos e gastos, declaración de axudas, compromiso de aplicar os fondos ó fin para o que se solicitan e de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa seguridade social e contrato de conta bancaria.

Visto que no Orzamento Municipal aprobado para o ano 2023 consta unha subvención nominativa a favor da Asociación Cultural Rebulir con CIF G32378990 para actividades do ano 2023.

Visto que dentro do Plan Estratéxico de Subvencións deste Concello está prevista a concesión de subvencións e axudas seguintes:

“Subvención nominativa: Asociación Cultural Rebulir

Obxectivos: Colaborar no financiamento das actividades de tipo cultural que realiza a Asociación Cultural Rebulir por ser xunto coa Banda de música de Ramirás as únicas asociacións de tipo cultural do Concello

Efectos pretendidos: Promoción da cultura entre a veciñanza co achegamento da música e baile tradicional e de atracción de visitantes, e de fomento da actividade económica

Destinatario: Asociación Cultural Rebulir

Custe: 3.000,00 euros

Financiamento: Fondos propios con cargo á partida 334.48

Plan de acción: Concesión de forma directa de conformidade co artigo 22.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.”

Visto o expediente tramitado e examinada a documentación que consta no expediente de conformidade co artigo 21.1 f) e s) da Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO**

PRIMEIRO. Outorgar a subvención directa nominativa con cargo á aplicación 334.48 a favor de Asociación cultural Rebulir Escola de Baile e Música Tradicional, CIF G32378960 para a colaboración económica do Concello de Ramirás co obxecto de financiar os gastos de organización de actividades durante todo o ano 2023, por importe de 3.000 €.

SEGUNDO. Formalizar a subvención no correspondente convenio, no que se detallen as obrigacións e compromisos do concesionario para aplicar a subvención e xustificala, que se adxunta a esta Resolución





Concello de Ramirás

TERCEIRO. Aprobar e dispor o gasto correspondente por importe de 3.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 334.48.

CUARTO. Notificar aos interesados o outorgamento da concesión da subvención, comunicando que o prazo para que se presente a documentación xustificativa da subvención finaliza o 20 de decembro de 2023.

QUINTO. Remitir a información sobre a concesión á Base de Datos Nacional de Subvencións.

Ramirás, na data da sinatura dixital

A Alcaldesa-Presidenta
Asdo. Isabel Gil Álvarez

A Secretaria-Interventora
Asdo. Leticia Rodríguez Díaz

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE





Concello de Ramirás

CONVENIO DE COOPERACIÓN CULTURAL ENTRE O CONCELLO DE RAMIRÁS E A ASOCIACIÓN CULTURAL REBULIR ESCOLA DE BAILE E MÚSICA TRADICIONAL

En Ramirás, na data da sinatura electrónica

REÚNENSE:

Dunha parte D.^a Isabel Gil Alvarez, Alcaldesa do concello de Ramirás actuando en nome e representación do concello, en virtude do seu cargo.

Doutra, D.^a Sandra González Sousa, con DNI n.º 44490780V na condición de Presidenta da Asociación Cultural Rebulir Escola de Baile e Música Tradicional (CIF n.º G32378960).

Ámbalas dúas partes, no nome e representación que exercen e con plena capacidade para levar adiante o presente convenio,

MANIFESTAN:

Que a Asociación Cultural Rebulir ten como obxecto promocionar o baile e a música tradicional, difundir a cultura e costumes populares e desenvolver actividades lúdicas e de formación.

Que o Concello de Ramirás ten intención de desenvolver e divulgar a promoción da cultura tradicional para achegar o máis posible o noso patrimonio cultural á sociedade, polo que promoverá a realización de manifestacións artísticas mediante unha axuda económica a Asociación Rebulir con sede social neste concello como escola de baile e música tradicional galega propia. Nun esforzo conxunto por manter viva a nosa cultura e tradicións.

Este concello ven apostando decididamente dende fai anos pola implicación dos rapaces da zona na aprendizaxe dos instrumentos musicais propios da nosa terra, así como dos nosos bailes, cantos e costumes. Para incentivar esta aprendizaxe é vontade do Concello que os membros da escola conten cos medios suficientes para que sexa o máis axeitada posible e o mesmo tempo espallar a nosa cultura tradicional e mostrala por distintos lugares

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local posibilita o exercicio as entidades locais da promoción da cultura.

A subvención é un medio de fomento do que pode facer uso a Administración para promover e apoiar actividades de interese público vinculadas a funcións atribuídas legalmente á competencia local que se realicen por particulares ou outros entes públicos ou privados que cooperen á satisfacción de necesidades ou intereses xerais propios da comunidade local.

No orzamento do Concello de Ramirás para o ano 2023 está prevista unha asignación nominativa a esta asociación, única do termo municipal que se adica a esta actividade concreta. A contía prevista é de 3.000,00 € na aplicación orzamentaria 334.48.

En conformidade coa normativa de aplicación, ámbalas partes acordan subscribir o presente Convenio de Cooperación con arranxo ás seguintes





Concello de Ramirás

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- O obxecto deste convenio é o de regular as bases reguladoras entre o Concello de Ramirás e a asociación cultural Rebulir Escola de Baile e Música Tradicional **para a ensinanza** do baile e música tradicional aos rapaces do concello, **difundindo** a cultura e costumes populares e desenvolvendo **actividades lúdicas** ao longo do ano. Sendo todos estes obxectivos da asociación aprobados polo concello, considerando o seu innegable interese social demostrado pola participación veciñal en dita asociación.

SEGUNDA.- A asociación cultural Rebulir Escola de Baile e Música Tradicional a través dos seus representantes comprométese a impartir aos veciños do concello as disciplinas de baile tradicional, gaita, canto, pandeireta e percusión coa periodicidade que se establece no calendario de cada ano así como difundir os coñecementos adquiridos polos seus membros participando en eventos diversos, indicando sempre o patrocinio do Concello de Ramirás.

TERCEIRA.- Segundo vaian xurdindo iniciativas de actividades concretas, ao abeiro deste convenio, irase comprometendo a contía necesaria tendo sempre coma límite os 3.000,00 € para o exercicio 2023.

CUARTA.- As obrigas xerais da entidade beneficiaria:

- Realizar as actividades que xustifican a concesión da subvención e destinala aos fins para os que foi concedida.
- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal, autonómica e local e fronte a seguridade social e estar en condicións de obter a condición de beneficiario.
- Xustificar mediante as facturas correspondentes e declaración das actividades realizadas que foron financiadas coa subvención, o seu custo co detalle dos gastos do exercicio 2023 e que conste o aboamento.
- Comunicar a obtención doutras subvencións para a mesma finalidade
- Presentar exemplar do programa ou cartel das actividades onde conste o patrocinio do Concello de Ramirás.
- Someterse ás actuacións de comprobación que acorde o concello e conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.

QUINTA.- Render a conta xustificativa que comprenderá:

- A solicitude xunto coa documentación acreditativa da persoa física (DNI) ou xurídica (CIF) e, neste caso, a do representante.
- Orzamento aproximado da actividade que deba ser subvencionada cunha memoria explicativa da mesma, obxectivos, participantes ou beneficiarios, datas e lugar de celebración, de ser o caso.
- Declaración xurada do solicitante na que exprese a aplicación do importe da axuda ás actuacións para as que concedeu a subvención e de non incorrer en ningunha das causas que impiden obter a condición de beneficiario.
- Certificados expedidos pola Facenda estatal, Facenda autonómica e a Tesourería Xeral da Seguridade Social de encontrarse o corrente das obrigas fiscais e de Seguridade Social.





Concello de Ramirás

- Facturas ou demais documentos de valor probatorio e o seu aboamento.
- Declaración doutros ingresos para a mesma finalidade.
- Patrocinio do Concello de Ramirás

Se as solicitudes non reunisen os datos esixidos ou non viñeran acompañadas da documentación indicada, requirirase ó interesado para que no prazo de dez días, contados a partires do seguinte á recepción da petición subsane as deficiencias, advertíndolle que en caso contrario, desestimarase a súa solicitude de subvención por defectos de forma.

En todo caso esta documentación deberá presentarse ante o rexistro do concello antes do día 31 de decembro do presente ano.

SEXTA.- O pagamento realizarase unha vez presentada a conta xustificativa.

SETIMA.- Non existe ningún outro vínculo entre o Concello de Ramirás e a Asociación Rebulir que o compromiso de pagamento cando se cumpra o convenio.

OITAVA.- Este convenio ten natureza administrativa e vixencia a partir da sinatura e ata o 31/12/2022. En todo o non contemplado estarase ao disposto na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións e na LXS.

A Alcaldesa

A Presidenta de Rebulir

Asdo.: D.^a Isabel Gil Alvarez

D.^a Sandra González Sousa

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 9ZNH4HCZ6TKMLEEXQZYAJYJX2
Corrección: <https://ramiras.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5

